

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA ASISTIR CON UN STAND INFORMATIVO DE EXPOBÚS IBERIA A FIAA 2024

I. Departamento que tramita o convenio.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ten entre as súas competencias e funcións a de impulso, xestión e coordinación das políticas nos ámbitos da planificación, financiamento e ordenación do transporte, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio). En concreto, correspóndelle, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, a planificación, a coordinación e o seguimento da política xeral de transportes e a execución dos servizos e das infraestruturas de transporte na Comunidade Autónoma; así como a promoción da investigación sobre o transporte, loxística e mobilidade.

II. Antecedentes.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de colaboración coa Fundación Semana Verde de Galicia para a participación desta entidade na Feira Internacional do Autobús e o Autocar (FIAA) 2024, mediante a súa asistencia cun *stand* para promocionar a nova edición de EXPOBÚS IBERIA 2025, que se celebrará en Silleda en novembro do dito exercicio.

III. Finalidade.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Fundación Semana Verde de Galicia o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

IV. Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e Fundación Semana Verde de Galicia para a participación desta entidade na Feira Internacional do Autobús e o Autocar (FIAA) 2024 co fin de promocionar a feira EXPOBÚS IBERIA 2025 que se celebrará en Silleda en 2025.



V. Fundamentos do convenio.

A Fundación Semana Verde de Galicia (FSVG) é unha Institución sen fin de lucro creada en 1991 e declarada de interese galego.

Son fins da Fundación:

- Contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego, a través de actividades feirais e de mercados agropecuarios.
- Promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no campo agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar o avance continuo dos devanditos sectores.
- Reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacionais.
- impulso e promoción do Recinto Feiral de Galicia en Silleda como un enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia, e en particular, como infraestrutura de promoción e exposición comercial.

Entre as actividades realizadas pola Fundación, destaca a organización de EXPOBÚS IBERIA, feira de transporte de viaxeiros por estrada que o pasado ano 2023 celebrou a súa terceira edición, consolidándose como a segunda maior feira do sector a nivel nacional, moi próxima á primeira en número de expositores.

EXPOBÚS IBERIA celebrará a súa vindeira edición do 20 ao 22 de novembro de 2025 no recinto Feira Internacional de Galicia ABANCA, en Silleda. Un ano máis, se converterá nun escaparate excepcional das tendencias, novidades e innovacións no ámbito do transporte de viaxeiros por estrada, sendo así un referente para os profesionais do autobús e o autocar.

Este punto de encontro dará cabida, a través do seu espazo expositivo e do seu amplo e variado programa de actividades, a todas as modalidades de transporte: regular e discrecional, urbano e interurbano, xeral e especial etc.

Ademais, será un valioso termómetro dos numerosos cambios que se produzan no sector, así como unha plataforma única para xerar negocio e intercambiar coñecementos e experiencias.

De cara a promocionar este evento, a Fundación Semana Verde de Galicia ten previsto asistir á FIAA cun *stand* informativo de EXPOBÚS IBERIA 2025, para o cal require a colaboración da Xunta de Galicia mediante unha aportación económica para o financiamento dos costes do dito *stand*.





FIAA é o punto de encontro da industria do autobús coas empresas de transporte de viaxeiros por estrada e o gran escaparate das innovacións dunha mobilidade colectiva segura, ecolóxica e conectada.

Trátase dun evento bienal, organizado por IFEMA MADRID, que celebrará a súa XV edición do 22 ao 25 de outubro deste ano 2024.

Na actualidade é o evento líder en España e Portugal para a venda de servizos, materiais e compoñentes para as frota de autobuses.

Os principais obxectivos que persegue a Fundación coa participación en FIAA son os seguintes:

1. Presentación da nova edición EXPOBUS IBERIA 2025
2. Reforzo da imaxe da marca EXPOBUS IBERIA.
3. Consolidala como un potencial líder no sector.
4. Ter un contacto directo con todos os expositores e visitantes da feira e coñecer a situación actual do sector.
5. Manter reunións con todas as asociacións profesionais e revistas do sector que estean presentes, co fin de conseguir o seu apoio para EXPOBÚS IBERIA, tanto na parte expositiva como na de xornadas técnicas.

Sen prexuízo do esforzo que nos últimos anos esta administración está a levar a cabo en materia de planificación e execución da oferta intermodal de transporte na Comunidade Autónoma e das infraestruturas do transporte de viaxeiros/as en colaboración coas restantes Administracións públicas e institucións interesadas, tamén é consciente da importancia de coñecer as innovacións en materia de mobilidade colectiva, ecolóxica e conectada, así como de manter unha estreita comunicación cos actores que interveñen neste sector. Este coñecemento das novidades no sector e o contacto directo coa industria é un aspecto clave que permitirá á Dirección Xeral de Mobilidade a continua mellora das infraestruturas e dos servizos de transporte no eido das súas competencias.

Por este motivo, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, considera de interese económico para a Comunidade Autónoma de Galicia a difusión da feira EXPOBÚS IBERIA 2025.

Os obxectivos descritos e a relevancia do evento EXPOBÚS IBERIA 2025 para o cumprimento das funcións atribuídas á Dirección Xeral de Mobilidade en relación coa política de transporte e a promoción da investigación sobre o transporte e mobilidade, acreditan a existencia de razóns de interese económico que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor da



Fundación Semana Verde de Galicia.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas desta Fundación para a promoción de EXPOBÚS IBERIA 2025 mediante a participación en FIAA.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

VI. Actuación da subvención

Participación cun stand comercial informativo de EXPOBÚS IBERIA 2025 na Feira Internacional do Autobús e do Autocar que se celebrará en IFEMA Madrid do 22 ao 25 de outubro de 2024. O orzamento desta acción promocional é de 5.079,06 euros.

VII. Importe e aplicación orzamentaria

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, achegará a cantidade máxima de **cinco mil setenta e nove euros con 6 céntimos (5.079,06 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 35.08.512A.780.1 (código de proxecto 2023 00247), na que existe crédito adecuado e suficiente. Esta cantidade representa o 100 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

VIII. Memoria económica.

Para os efectos do requirido na Instrución núm. 3 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma relativa ao contido mínimo das memorias económicas dos expedientes de gastos e ás comprobacións a realizar no marco de control interno respecto destas, este gasto ten natureza de servizos, e ten un orzamento total de 5.079,06 euros. A totalidade do orzamento se corresponde co coste do stand.

O proxecto subvencionado non inclúe gastos de persoal e non se trata de gastos recorrentes, polo que non procede a inclusión dos cadros "1.2. Detalle cadro persoal",



"Anexo II – modelo cadro orzamento desagregado por tipoloxía de gasto para gastos recorrentes".

a) Fitos e obxectivos

Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:

1. Eixo E3, "Competitividade e crecemento"

- Prioridade de actuación PA04, "Promover as infraestruturas produtivas e as de red."
- Obxectivo estratéxico E01, "Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos de acceso á rede de Vías de Altas Prestacións. Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da Mobilidade. Modernizar e mellorar as infraestruturas produtivas e de rede así como a produtividade e desenvolvemento sostible dos portos de Galicia."
- Obxectivo operativo OO04, "Aumentar a capacidade e mellorar a calidade, funcionalidade e seguridade das vías de comunicación."

Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión
P01158 - Prazas para vehículos pesados en aparcadoiros seguros e protexidos	5-PEG	250

b) Territorialización do gasto

Para dar cumprimento ao requirimento do apartado f) da Instrución da IXCA, procédese a territorializar a concesión da subvención que se instrumentará mediante o convenio que nos ocupa:

Territorialización por porcentaxe * 100,00

Asignación:

1500000 - PROVINCIA DA CORUÑA 25,00

2700000 - Provincia de Lugo 25,00





3200000 - PROVINCIA DE OURENSE 25,00

3600000 - PROVINCIA DE PONTEVEDRA 25,00

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital
A Directora Xeral de Mobilidade
Judit Fontela Baró

